



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 42)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e nove de outubro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto e a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de outubro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CAMA PARA O GANDO DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación da subministración do material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F6XJCJAJ32RNT2IWAB4IGOI.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7F62ZM3IMY7GO3CX7DILSA6U.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7F6XJ4HMESZJNM7XY46NLDEY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:IV7F627SJUIZ5H7NZUYDAMCTA4.



Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV:IV7EQWLOPJHKQTZ6AM5MKEPSIM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7F6CICJ557VD6T6ENDEHRECE.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do da subministración do material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como o criterio de puntuación, que se recollepara a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 21.450,00 euros (IVE engadido, correspondendo a partida do IVE a 1.950,00 €), con cargo ó orzamento da anualidade 2022.

5º.- O importe do contrato ascende a 21.450,00 €, IVE engadido, e financíase de acordo o seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE	IVE 10%	TOTAL	RC
4120.22199	19.500,00	1.950,00	21.450,00	220219/693

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo a anualidade 2022, a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2022 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS VETERINARIOS NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da prestación de servizos veterinarios na Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación provincial de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa, con CSV: IV7F5SLZ2FUC3LFJ4MGH65CRP4¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, asinado pola Directora da Granxa Gayoso Castro, CSV: IV7F5SISLYW6ZROOBXQHA4CPKM.

Informe de Intervención relativo a gasto anticipado, con CSV: IV7F6XTLNN7SVKF7XVMUGUHAEU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7F6CJOFNR3TH5KSBOWP72A4I.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F6CI6NQ7MRCPT4EQA4BKCIE.

Informe de Intervención, con CSV: IV7F6CP5IEN3RXNOVR5QEFZCEU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da prestación de servizos veterinarios na Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación provincial de Lugo, 2021CON_02/000045.

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

2º.- O prazo de duración do contrato será de un (1) ano dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato, podendo prorrogarse por un período de tempo igual a un (1) ano. No PCAP prevese a modificación do contrato ao abeiro do previsto no art. 204, en relación coa Disposición Adicional 33, ambos da LCSP, dentro dos límites establecidos na mesma.

3º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor

considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a ascende a 106.033,40 euros. O orzamento base de licitación inclúe 9.639,40 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 10%; importe que se engade aos 96.394,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

LOTE	ORZAMENTO SEN IVE	IVE (10%)	ORZAMENTO (IVE INCLUÍDO)
1	35.236,00 euros	3.523,60 euros	38.759,60 euros
2	5.600,00 euros	560,00 euros	6.160,00 euros
3	55.558,00 euros	5.555,80 euros	61.113,80 euros

O importe do contrato ascende a 106.033,40 €, IVE engadido, e financiase de acordo co seguinte detalle:

LOTES	APLICACIÓN	IMPORTE (SEN IVE)	IVE	TOTAL	RC
LOTE 1: Servizos veterinarios clínicos con servizo de urxencia 24H.	4120.22799	35.236,00	3.523,60	38.759,60	220219/690
LOTE 2: Servizos veterinarios de podoloxia	4120.22799	5.600,00	560,00	6.160,00	220219/691
LOTE 3: Servizos veterinarios de reprodución e mellora xenética.	4120.22799	55.558,00	5.555,80	61.113,80	220219/692
SUMA		96.394,00	9.639,40	106.033,40	



A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo a anualidade 2022, a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2022 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MECANIZADOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de outubro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EVST32FF3LKG4RUHB55CDEU.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVSTZL3WZTDHY44FHCELBAY

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EQAANBUEYRBBKTQIRGN3OKU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FWSCPNNFM35NNABPVOL7PD4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FWSBMN37KZ3F4CP4X6FHQAI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FWQP7HMMW76WP2SF5VH5QXMM.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7FW3PKKFE43DVY2TQVMAPCPY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de setembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FWKKNPXWO3RHNDVOGB4YOK4.

Acta da Mesa de Contratación do día 29 de setembro de 2021, con CSV: IV7FST2TH4FJZLZJ5RFN6EPR6U que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do servizo de mecanizados da Excma. Deputación de Lugo. 2021/CON_02/000034 v3.

Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta, relativa aos criterios cuantificables automaticamente.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presenta a súa proposta dentro do prazo outorgado a tales efectos, procédese a admitir a oferta presentada.

Acto seguido procédese ao exame e cualificación do sobre electrónico único, documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente, resultando que a empresa Mecanizados Pereira, S.L. presenta o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado, agás na declaración relativa a si ten previsto recorrer a capacidades doutras entidades ao que non declara nada ao respecto.



A continuación procédese ao exame do Anexo III, relativo aos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

LICITADOR ÚNICO	OFERTA ECONÓMICA % SOBRE PREZOS UNITARIOS – PREZO/HORA	OBSERVACIÓNS
Mecanizados Pereira, S.L.	20% PREZOS UNITARIOS – 10% PREZO HORA	Non aclara si ten previsto ou non subcontratar. Pendente emenda.

Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade dos seus integrantes, adoptar os seguintes acordos:

Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

LICITADOR ÚNICO	OFERTA ECONÓMICA % SOBRE PREZOS UNITARIOS – PREZO/HORA (IVE NON INCLUÍDO)
Mecanizados Pereira, S.L.	20% PREZOS UNITARIOS – 10% PREZO HORA

Requirir á empresa Mecanizados Pereira, S.L., para que no prazo de tres (3) días hábiles presente correctamente cumprimentados os Anexos I e III respecto ao observado no primeiro punto desta convocatoria.

Requirir á empresa Mecanizados Pereira, S.L, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de dez días hábiles, pola empresa Mecanizados Pereira, S.L. de conformidade coa cláusula 17.1 do PCAP.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 22 de outubro, aos efectos de examinar a documentación requirida respecto a emenda/aclaración do Anexo I e Anexo III e respecto ao artigo 150 da LCSP, infórmase que o licitador Mecanizados Pereira, S.L., presentou a través da

Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión do 29 de setembro de 2021.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación consultada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Acceptar a documentación aportada por Mecanizados Pereira, S.L. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Mecanizados Pereira, S.L., con CIF: B27025196, a contratación do servizo de mecanizados da Deputación Provincial de Lugo por importe máximo de 14.876,03 euros, aos que se engadirán 3.123,97 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.000,00 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 20% nos prezos unitarios – 10% no prezo hora sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Mecanizados Pereira, S.L. a contratación do servizo de mecanizados da Deputación Provincial de Lugo por importe máximo de 14.876,03 euros, aos que se engadirán 3.123,97 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 18.000,00 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 20% nos prezos unitarios – 10% no prezo hora sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Financiándose de acordo as seguintes anualidades:



CENTRO	APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	TOTAL (IVE ENGADIDO)	RC
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2021	1.652,89	2.000,00	22021/15196
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2022	1.652,89	2.000,00	220219/242
PARQUE MÓBIL	9201.213	2021	7.000,00	7.000,00	22021/15198
PARQUE MÓBIL	9201.213	2022	7.000,00	7.000,00	220219/241
SUMA			17.305,78	18.000,00	

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible e suficiente no orzamento do 2021, e para a anualidade 2022 a Deputación debe adquirir o compromiso supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada na aplicación sinalada.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- TOMA DA RAZÓN, DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓ NS DETERMINADAS NO LOTE 23 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. CONCELLOS DE BÓVEDA, POBRA DE BROLLÓN E MONFORTE DE LEMOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes:

Acordo da Xunta de Goberno relativo á adxudicación do Lote 23 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Excavaciones y Desbroces Diego Castro S.L.

Formalización do contrato, datada o día 01 de xullo de 2021.

Escrito presentado o día 25 de agosto de 2021 (RXE nº 2021RPE024437) por D. Diego Castro Campo en representación da mercantil Excavaciones y Desbroces Diego Castro S.L. e D. Luís Manuel Montero Gómez en representación de Transformaciones Agrarias Montero y Díaz S.L., no que se interesa a cesión do contrato a favor da mercantil Transformaciones Agrarias Montero y Diaz S.L. (expediente 2021/PES_03/016652).

Informe do Responsable do contrato do 31 de agosto de 2021, con CSV: IV7FU4I6JBMTX7G5AFECAX7XCA.

Acordo da Xunta de Goberno do día 03 de setembro de 2021, polo que se autoriza a cesión do contrato das prestacións determinadas no lote 23 a favor da empresa Transformaciones Agrarias Montero y Díaz S.L., condicionando a súa eficacia ao cumprimento dos seguintes requisitos:

Que o cesionario achegue escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario

Que acheguen resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 4.556,28 €.

Documentación presentada pola empresa o día 20 de setembro do 2021(expediente 2021/PES_03/018871), completada o día 22 de setembro de 2021(expediente 2021/PES_03/019269).

Garantía definitiva por importe de 4.556,28 €, depositada polo cesionario o día 21/09/2021 (expediente administrativo 2021/XEN_01/003523).

Informe con CSV: IV7F4KXKDJGC77W4AQWGB32AEQ, e emitido polo servizo de Vías e Obras, no que se recolle que: “(...)da documentación que obra no expediente, no existe impedimento algún por parte de este Responsable do contrato para que se leve a cabo a Cesión do contrato no encabezamento reseñado”.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.



Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de Goberno con data de 03 de setembro de 2021, dacordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3 , baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria de 20 de setembro de 2021, no que aporta escritura de elevación a público do acordo de cesión (expediente 2021/PES_03/018871).

Garantía definitiva depositada polo cesionario o día 21/09/2021 (expediente administrativo 2021/XEN_01/003523).

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público, e respecto da garantía sinala a normativa que a mesma se constituirá so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e

con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP). Polo tanto establecece esta prevención co fin de que quede preservada a finalidade da mesma, que neste caso goza da anuencia da entidade cedente.

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data de 03 de setembro de 2021.

Polo antedito, propónse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da intervención xeral, adopte o seguinte acordo:

1º.- Ter por cumprimentados ós requisitos impostos con data de 03 de setembro de 2021 na autorización da cesión das prestacións determinadas no lote 23 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais. Concellos de Bóveda, Pobra de Brollón e Monforte de Lemos.



2º.- Proceder á devolución da garantía depositada por D. Diego Castro Campo en representación da mercantil Excavaciones y Desbroces Diego Castro, S.L. (Nº Operación: 320210008485, Nº de Ingreso: 20210008592).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Fundación Ferias y Exposiciones de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Equigal, salón internacional do cabalo de Galicia 2021” na anualidade 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación consistente en “Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia 2021” polo importe de 40.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro do Anexo I, sobre liñas de actuación específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021, na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022), aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021 para o ano 2021, xa que na mesma se recollen os obxectivos de xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia, posta en valor dos recursos e riquezas do noso territorio e xeración de emprego estable, afincando a poboación.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2021, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia 2021”. Esta actuación trátase



dunha iniciativa que consiste no apoio a promoción do sector equino como xerador de recursos económicos e emprego.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 40.000 €, a favor da Fundación Ferias y Exposiciones de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia 2021” na anualidade 2021, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto polo importe total de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4311.48903 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 a favor da Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia 2021” na anualidade 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Federación de Asociacións de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Merca no comercio local. Merca na provincia” na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación de Asociación do Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Merca no comercio local. Merca na provincia de Lugo” polo importe de 50.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro do Anexo I, sobre liñas de actuación específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021, na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022), aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021 para o ano 2021, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2021, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o



Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Merca no comercio local. Merca na provincia de Lugo”. Esta actuación consiste nunha iniciativa de dinamización do consumo orientada aos consumidores lugueses para a reactivación do consumo nos comercios de proximidade locais na derradeira parte do ano aproveitando campañas tales como o Black Friday, Ciber Monday, que supoñe un revulsivo no último trimestre do ano.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 50.000€, a favor da Federación de Asociación do Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Merca no comercio local. Merca na provincia de Lugo.” Na anualidade 2021, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto polo importe total de 50.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 a favor da Federación de Asociación do Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Merca no comercio local. Merca na provincia de Lugo” na anualidade 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Palas de Rei coa finalidade común de colaborar na adquisición de terreo e acondicionamento e mellora do local social de San Vicente de Ulloa.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Palas de Rei para a execución dos fins común de Adquisición de terreo e acondicionamento e mellora do local social de San Vicente de Ulloa, consta no mesmo:

Solicitud de do Concello de Palas de Rei con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/021370, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7F5SDPFRW53H7SQQVAAURSE4.

Borrador de convenio con CSV: IV7F5SDPFNGC3WPM4L55BYHUEE.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7F5SCLN3RJRXXOWMAHMQRPII.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Palas de Rei coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Adquisición de terreo e acondicionamento e mellora do local social de San Vicente de Ulloa , con un orzamento total de 50.000,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 50.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo de Arquitectura, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe de 255,35 €.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, que foi conformada polo responsable do Servizo de Arquitectura, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Acreedor	Nº factura	Data factura	Importe	Obxecto do gasto	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzamentario/ADO provisional
COMBUSTIBLES LUCENSES SA	1064271	14/04/2021	255,35 €	SUBMINISTRO DE GAS 5 BOTELLAS DE 35 KG DE GAS PROPANO 2021 FAC_01/001124	Subministro	Marzo 2021	3241.22102 92021/6590
TOTAL			255,35 €				

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Arquitectura manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto/s informe/s de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 19/10/2021 na que se aproba que se continúe co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 255,35 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propondo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 255,35 €:

Acreedor	Nº factura	Data factura	Importe	Obxecto do gasto	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzamentario/ADO provisional
COMBUSTIBLES LUCENSES SA	1064271	14/04/2021	255,35 €	SUBMINISTRO DE GAS 5 BOTTILLAS DE 35 KG DE GAS PROPANO 2021 FAC_01/001124	Subministro	Marzo 2021	3241.22102 92021/6590
TOTAL			255,35 €				

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DIRECTA DE DÚAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:



“Con data 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno Provincial aproba o prego de condicións que rexerán no procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa e publicado no BOP nº 164 do 20 de xullo de 2021 sinálase o seguinte,

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria pública celébrase a poxa o 29 de xullo de 2021 nas instalacións da Granxa Gaioso Castro.

Con data 20 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno Provincial acorda a adxudicación das cabezas de gando e declara deserta a licitación do animal macho de raza frisón con n.º de crotal ES031112905907 e declara que o animal poderá ser obxecto de alleamento mediante adxudicación directa polo prezo de saída (480 € + IVE).

Con data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Provincial acorda aceptar a renuncia proposta pola adxudicataria Marta Carballo Álvarez relativa ao animal macho de raza cachena de entre 1 e 2 anos con Nª crotal ES001112366592 e declara que o animal poderá ser obxecto de alleamento mediante adxudicación directa polo prezo de saída (396€ + IVE).

Con data 21 de outubro de 2021 Mª Inés Tojo López presenta escrito no rexistro da Deputación Provincial de Lugo con nº 2021RPE29514, solicitando a adquisición do animal macho de raza cachena con nº de crotal ES001112366592 polo importe de 396 € + IVE.

Con data 21 de outubro de 2021 Mª del Carmen García Lamas presenta escrito no rexistro da Deputación Provincial de Lugo con nº 2021RPE29515, solicitando a adquisición do animal macho de raza frisón con nº de crotal ES031112905907 polo importe de 480 € + IVE.

Visto o informe favorable da Granxa Gayoso Castro para iniciar o procedemento de alleamento por adxudicación directa de dous animais da Granxa Gayoso Castro de data 21 de outubro de 2021 con CSV IV7F5SLTDAM5T5MTRQMBIAYW6I.

Visto o informe favorable da Sección de Patrimonio de data 27 de outubro de 2021 con CSV IV7F66Z6FZVIXSPKCU5XINKTHY .

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento de alleamento de dúas cabezas de gando mediante adxudicación directa nos seguintes termos:

Adxudicación directa do animal macho de raza cachena con nº de crotal ES001112366592 polo importe de 396 € + IVE, a favor de Mª Inés Tojo López.

Adxudicación directa do animal macho de raza frisón con nº de crotal ES031112905907 polo importe de 480 € + IVE, a favor de Mª del Carmen García Lamas.

Serán por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e todos os gastos derivados de transporte ou outra índole.

2º.- Formalizar a transmisión das titularidades dos devanditos semoventes previo o seu pagamento.

3º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE CRITERIOS INTERPRETATIVOS BONO IMPULSO.

Logo de ver o informe da sección de Promoción Económica e Social, en relación co epígrafe do presente asunto, no que manifesta que se produciu un erro na redacción do mesmo, e proponse a súa corrección; a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita corrección, quedando redactado o epígrafe como segue: **INFORME PROPOSTA PARA**



APROBACIÓN DA APLICACIÓN DE CRITERIOS INTERPRETATIVOS EN RELACIÓN AS INCIDENCIAS XURDIDAS NA XUSTIFICACIÓN DO BONO IMPULSO. (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Primeiro.- Co obxecto de frear a crise económica ocasionada pola Pandemia Covid 19, que esta xerando graves estragos na economía, e arrastra a millóns de empresas o peche aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio apróbanse na Xunta de goberno de data 30 de abril de 2021 as bases que regulan a convocatoria sendo publicadas no BOP Nº 098 de data 3 de maio de 2021

Segundo.- Iniciada a fase de xustificación por parte das empresas beneficiarias de acordo as bases do programa, coa entrega da documentación establecida no artigo 10, os técnicos da Area de Promoción Económica e Emprego detectan, en termos xerais, que a documentación entregada relativa os tickets de consumo ou facturas do gasto a subvencionar adolecen de erros formais tales como falta de identificación total ou parcial do cliente, falta de desglose dos prezos unitarios , ou do IVE... así coma a utilización do nome comercial en vez da razón social entre outros, aínda que o fin que orixina o obxecto da subvención cúmprese.

Terceiro.- Tendo en conta o contexto que propiciou a elaboración desta iniciativa por parte da Deputación de Lugo, a crise económica provocada pola pandemia do Covid 19, e que segue azoutar os negocios locais, segue a ser fundamental para inxectar liquidez e poder enfrontar os pagos cos provedores.

Cuarto.- Tendo en conta que o importe de afectación do programa é de 510.000 €, cunha división do mesmo en 17.000 bonos de 30 €, a carga administrativa de xestión de expedientes e moi alta o que se une a falta de dixitalización do tecido empresarial da provincia de Lugo, o requirimento estrito destes tickets ou facturas ocasionaría problemas e dificultades de índole fiscal e contable para os establecementos xerando os beneficiarios un prexuízo maior a subvención recibida.

Quinto.- Para dar cumprimento eficaz na tramitación dos expedientes infórmase sobre criterios de interpretación a aplicar sobre as contas xustificativas a efectos de poder dar continuidade a subvención concedida para acadar a finalidade que se pretende conseguir con esta iniciativa, dado que a obriga principal de realizar un consumo mínimo de 60 € para trocar o bono desconto de 30 €, e a entrega do mesmo esta realizada, sendo os criterios propostos os que a continuación se detallan:

No caso de facturas que adoezan do vicio formal de non identificar o cliente ou de identificalo de forma parcial, non se identifiquen os prezos unitarios ou o desglose de IVE, sempre que se identifiquen os demais requisitos formais e en materia de consumo subvencionable segundo determinen as bases, darase por valida.

No caso de entrega de facturas ou tickets onde se identifique o nome comercial en vez da Razón Social, sempre que exista identificación do NIF coincidente cunha razón social beneficiaria do programa darase por valido.

No caso de tickets ou facturas, onde aparezan no detalle conceptos cunha mención numérica ou xenérica, pero cuxa actividade, non e susceptible de venda de produtos non subvencionables darase por válida.

No caso de tickets ou facturas, no que o importe non chegue o cantidade de gasto mínimo esixido (60 €), aceptárase os tickets ou facturas de menor importe, por redondeo sempre que a cantidade sexa igual ou superior a 59,50 €.

Sexto.- A proposta destes criterios interpretativos por parte da Sección de Promoción Económica e Emprego encontran a súa fundamentación na aplicación dos seguintes artigos:

Artigo 103.1 da Constitución:

“La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho”.



Lei 39/2015 de 1 de outubro del procedimientu administrativo común de las administraciones públicas.

Artículo 71.1

“El procedimientu, sometido al principio de celeridad, se impulsará de oficio en todos sus trámites y a través de medios electrónicos, respetando los principios de transparencia y publicidad.”

Lei 40/2015 de 1 de outubro de Régimen Jurídico del Sector Público.

Artículo 3.1 Principios generales.

Las Administraciones Públicas sirven con objetividad los intereses generales y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Constitución, a la Ley y al Derecho. Deberán respetar en su actuación y relaciones los siguientes principios:

- a) Servicio efectivo a los ciudadanos.
- b) Simplicidad, claridad y proximidad a los ciudadanos.
- c) Participación, objetividad y transparencia de la actuación administrativa.
- d) Racionalización y agilidad de los procedimientos administrativos y de las actividades materiales de gestión.
- e) Buena fe, confianza legítima y lealtad institucional.
- f) Responsabilidad por la gestión pública.
- g) Planificación y dirección por objetivos y control de la gestión y evaluación de los resultados de las políticas públicas.
- h) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados.
- i) Economía, suficiencia y adecuación estricta de los medios a los fines institucionales.
- j) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.
- k) Cooperación, colaboración y coordinación entre las Administraciones Públicas.

Lei 38/2003 de 17 de novembro, General de subvenciones.

Artículo 8.3 b e c.

La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

Boletín Oficial del Estado legislación consolidada Página 15.

b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.

c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.

Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvenciones de Galicia.

Artigo 5.2 b e c.

La gestión de las subvenciones a que se refiere la presente ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la administración otorgante.

c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.

Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.

Artigo 6.1 b e c.

Con carácter xeral, a xestión das subvencións estará presidida polos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

Por todo o anterior, dende a Sección de Promoción Económica e Emprego propónse a Xunta de Goberno a aplicación na tramitación das contas xustificativas do Programa Bono Impulso a interpretación dos criterios que a continuación se detallan en atención o cumprimento do interese xeral e dos principios de eficacia eficiencia das administracións públicas, en aras axilizar o procedemento pero cumprindo en sentido estrito o obxecto da subvención:

No caso de facturas que adoezan do vicio formal de non identificar o cliente ou de identificalo de forma parcial, non se identifiquen os prezos unitarios ou o desglose de IVE, sempre que se identifiquen os demais requisitos formais e en materia de consumo subvencionable segundo o determinado nas bases, darase por válida.



No caso de entrega de facturas ou tickets onde se identifique o nome comercial en vez da Razón Social, sempre que exista identificación do NIF coincidente cunha razón social beneficiaria do programa darase por valido.

No caso de tickets ou facturas, onde aparezan no detalle conceptos cunha mención numérica ou xenérica, pero cuxa actividade, non e susceptible de venda de produtos non subvencionables darase por válida.

No caso de tickets ou facturas, no que o importe non chegue o cantidade de gasto mínimo esixido (60 €), aceptarase os tickets ou facturas de menor importe, por redondeo sempre que a cantidade sexa igual ou superior a 59,50 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ENCARGO AO MEDIO PROPIO TRAGSA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa providencia da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 25 de outubro de 2021, pola que solicitou o inicio do procedemento de encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo, nun prazo máximo de 4 meses a contar dende a data de formalización do encargo, dende aquela Área emitíuse informe, do seguinte tenor:

“Antecedentes.

Primeiro.- Don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o día 28 de setembro de 2021 (RE nº 2021RT014734), solicitude de cooperación económica da Deputación de Lugo, co fin de levar a cabo as obras de adecuación e disposición dun peche de seguridade na estación antiga do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo, engadindo documentación complementaria o día 30 do mesmo mes (RE nº 2021RT014820).

Segundo.- Tramitado o procedemento correspondente á dita solicitude, a Xunta de Goberno acordou aprobar, o 22 de outubro de 2021: o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo”, por importe total de 23.408,35 €, dos que: 16.738,97 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 6.669,38 € serán a cargo do Concello de Ribadeo; así como o gasto, por importe de 16.738,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021. Dito convenio asinouse polas partes o 25 de outubro de 2021.

Terceiro.- A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, ditou Providencia, o 25 de outubro de 2021, solicitando o inicio do procedemento de encargo ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo, nun prazo máximo de 4 meses a contar dende a data de formalización do encargo.

Consideracións legais e técnicas.

Normativa aplicable.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).



Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico la Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC).

Os encargos a medios propios personificados e servizos técnicos, en xeral.

Consonte ao artigo 31 da LCSP, relativo á potestade de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal:

1. As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si de algunha das seguintes formas, sen que o resultado desta cooperación poida cualificarse de contractual:

a) Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adjudicadores (...), no exercicio da súa potestade de auto organización, mediante o oportuno acordo de encargo.

(...).

Os citados encargos dos poderes adjudicadores a medios propios personificados e servizos técnicos regúlanse no artigo 32 do mesmo texto legal. Segundo o apartado primeiro do dito artigo:

Os poderes adjudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministros, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose de outra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, sempre e cando a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles de conformidade co disposto nos tres apartados seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O encargo que cumpra ditos requisitos non terá a consideración de contrato.

Polo tanto, os poderes adjudicadores (condición que ostenta a Deputación Provincial de Lugo ex artigo 3.3.a) da LCSP) poden encargar de forma directa, a entidades que teñan atribuída a condición de medio propio personificado dos mesmos, a realización de determinadas prestacións, sen que ao acto ou negocio xurídico en virtude do cal se realiza tal encargo lle sexan de aplicación

as normas que regulan a contratación do sector público, aínda cando as prestacións que son obxecto do mesmo sexan as propias dos contratos administrativos.

Sendo isto así, para que dita excepción sexa aplicable é necesario que os entes, organismos ou entidades de dereito público ou privado aos que se encargue a execución da actuación de que se trate teñan atribuída a condición de medio propio personificado do ente que fai o encargo.

A cualificación xurídica de medio propio personificado está regulada, con carácter xeral, nos apartados 2, 3 e 4 do citado artigo 32 da LCSP e, ademais, no artigo 86 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no que aos medios propios do ámbito estatal se refire).

Os encargos ao medio propio personificado e servizo técnico “Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.” (TRAGSA), e á súa filial “Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P.” (TRAGSATEC)

Con todo, no caso que nos ocupa, o réxime xurídico de TRAGSA (que inclúe a regulación da cualificación de medio propio personificado da mesma con respecto ás Deputacións Provinciais) atópase na disposición adicional vixésima cuarta da LCSP, desenvolvida a través do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) - en adiante, RD TRAGSA-.

O artigo 2 do dito Real Decreto sinala, nos seus apartados 1 e 2, que:

1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, TRAGSA e TRAGSATEC terán a consideración de medio propio personificado e servizo técnico (...) das deputacións provinciais (...), sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d).2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo.

2. As listadas administracións públicas deberán participar no capital social de TRAGSA mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda a iniciativa do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (...).



No que aos requisitos do apartado 1 recentemente transcrito se refire, consonte ao artigo 32.2.d).2º da LCSP:

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto de unha única entidade concreta do sector público aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

(...).

2º Verificación pola entidade pública de que dependa o ente que vaia a ser medio propio, de que conta con medios persoais e materiais apropiados para a realización dos encargos de conformidade co seu obxecto social.

No expediente no que se integra este informe consta certificado emitido por D. Emilio José Pardo Álvarez, xerente provincial de TRAGSA, no que se pon de manifesto que para a execución do encargo “Actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo”, a empresa dispón de estrutura e medios suficientes para responsabilizarse da organización e xestión dos traballos que desenvolva, así como da súa calidade técnica, de acordo ao artigo 49 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia, e ao artigo 32 da LCSP.

Así mesmo, certifícase no dito documento que, de acordo co artigo 32.7.b) da LCSP, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50 % da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo dun 5 %.

Polo tanto, estimo cumprido o primeiro requisito dos establecidos no apartado 1 do antes citado artigo 2 do RD TRAGSA.

En canto aos seguintes requisitos alí dispostos, consonte ás letras a) e b) do apartado 4 do artigo 32 da LCSP:

Terán a consideración de medio propio personificado respecto de dous ou máis poderes adjudicadores que sexan independentes entre si aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que os poderes adjudicadores que poidan conferirlle encargo exerzan sobre o ente destinatario do mesmo un control conxunto análogo ao que ostentarían sobre os seus propios servizos ou unidades.

(...).

b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos cometidos que lle foran confiados polos poderes adjudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polo mesmos poderes adjudicadores. (...).

(...).

Ao efecto de considerar cumpridos estes requisitos, adquire relevancia o informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 9 de maio de 2019 (expediente 15/17), no que, partindo da normativa vixente e da relevante xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se abordan con carácter xeral un bo número das cuestións que formulan o seu cumprimento.

Entre as cuestións alí tratadas está a referente ao cumprimento do requisito do control análogo conxunto, aspecto sobre o cal sinalase que resulta imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto derivado da necesidade de asegurar a efectividade deste control (apartado 3 do citado informe), con referencia á Sentenza do TJUE Econord, apartado 33, e aos previos informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6) da mesma Xunta Consultiva.

Aplicando o argumento á cuestión obxecto deste informe, significa que para que cada unha das Administracións Públicas mencionadas na Disposición Adicional 24ª da LCSP - entre elas as deputacións provinciais - poida utilizar a TRAGSA como medio propio personificado, realizando os correspondentes encargos, ten que participar no seu capital social.

Así, segundo se recoñece no dito informe:

(...) Sendo requisito imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto (Sentenza Econord, apartado 33, e Informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6, desta Xunta Consultiva), non cabe considerar en abstracto a esixencia dunha



porcentaxe de capital mínimo para cada un dos entes que controlan o medio propio. Nin a Directiva nin a LCSP conteñen previsión algunha ao respecto (...).

Isto implica que é posible que unha entidade que ten unha participación moi pequena poida, non obstante, conferir encargos obrigatorios no seo deste control conxunto (...).

En definitiva, respecto á consideración de TRAGSA como medio propio da Deputación, a consecuencia da adquisición por esta dunha acción de aquela, cabe concluír que a consideración de medio propio de unha entidade depende en boa medida da finalidade coa que se integra no capital de unha entidade que é medio propio, así como das circunstancias de exercicio dos dereitos que confiren as participacións no capital do medio propio, e non tanto da porcentaxe de participación.

Por outra banda, a análise do cumprimento do requisito do exercicio da parte esencial da actividade de TRAGSA para os poderes adjudicadores que a controlan, cuantificado nun 80 %, deberá realizarse computando os encargos que lle foran confiados polos poderes adjudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos poderes adjudicadores, non por cada un deles de forma illada ou independente.

Cumpríndose, pois, estes requisitos, mediante resolución da Presidencia do 13 de decembro de 2019, aprobouse a “adquisición pola Deputación de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), de forma que esta pasaría a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación”, e dispúxose que o referido contrato se adjudicase mediante procedemento de adjudicación directa á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, tendo en conta as peculiaridades da necesidade a satisfacer e a especial idoneidade do ben, escriturándose a compra da amentada acción o 17 de decembro de 2019, ante a Notaría de Madrid, dona María de las Mercedes Pérez Herreza.

Obxecto do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA

Con todo, tendo a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, cómpre ter en conta, tamén, o obxecto do encargo, na tarefa de comprobación de que este se axusta ás prescricións legais.

A estes efectos hai que traer a colación o disposto no artigo 3.1 do RD TRAGSA, segundo o cal:

As entidades sinaladas no artigo 2.1 poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

Neste senso, e no que ao marco funcional de TRAGSA se refire, o encargo obxecto deste informe refírese á execución de actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo.

O Municipio de Ribadeo ten un carácter eminentemente rural, onde os núcleos de poboación, incluso os que poden considerarse máis urbanos, teñen unha clara composición e estrutura rural. De feito, o estudo sobre a distribución dos usos existentes no territorio de Ribadeo demostra que no Municipio predominan claramente os usos rústicos (agrícola, gandeiro e forestal), que superan o 91% do termo municipal.

E é que o medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica galega, en xeral, e da provincia de Lugo, en particular. Ademais, é o soporte físico dun extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa, hoxe, un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas do sector primario, é dicir, relacionadas coa obtención de recursos da natureza, como poden ser, entre outras, a agricultura, a gandería e a pesca.

Para o desenvolvemento do sector primario e, en consecuencia, do medio rural, é imprescindible procurar as condicións óptimas para que aquelas actividades se poidan levar a cabo do xeito máis eficiente posible, a través de actuacións no ámbito económico, tales como a dotación e actualización constante de instalacións e equipamentos.

Mais todas estas actuacións de carácter económico carecerían de eficacia se o elemento subxectivo do medio rural, a súa poboación, non atopa unhas condicións de vida dignas que lle



permitan desenvolver un sentido de pertenza ao territorio tal, que lle faga dispoñerse a construír unha sociedade sobre a base dos citados recursos, e a exercer actividades económicas permanentes nas áreas rurais.

En definitiva, o desenvolvemento do sector primario, das súas actividades económicas e, en consecuencia, do medio rural, require non só de actuacións de carácter económico, senón, ademais, doutro tipo de actuacións no ámbito social. Deste xeito, podemos concluír que a mellora da calidade de vida dos habitantes do rural e a protección do seu tecido social constitúense en puntos clave do desenvolvemento rural.

O Concello de Ribadeo pretendeu e obtivo o compromiso da Deputación de Lugo para a cooperación económica necesaria para a realización de actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación dun espazo, a estación vella do tren mineiro, que lle permitirán garantir a seguridade da poboación e a mellora da súa calidade de vida, o que repercute, de xeito directo, na creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un medio rural que pode contar con moitas potencialidades, se recibe os cuidados e atencións que precisa; todo o que deriva no desenvolvemento social e, en consecuencia, económico, do sector primario, en actividades como a agricultura, a gandería e a pesca.

Pois ben, consonte ao apartado 4 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP:

TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC prestarán, por encargo das entidades do sector público dos que son medios propios personificados, as seguintes funcións:

a) (...). Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos.

Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 2 dos Estatutos de TRAGSA, segundo o cal:

(...).

Constitúe o obxecto social as actividades seguintes:

a) (...) Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, (...).

Parece claro, pois, que a execución de actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo, está directamente relacionada coa mellora dos servizos e recursos públicos e que, ademais, as ditas actuacións non implican o exercicio de autoridade; tendo encaixe no marco funcional do medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA.

No que se refire ao exercicio das competencias propias da entidade que realiza o encargo (neste caso, a Deputación Provincial de Lugo), consonte ao disposto no artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, relativo ás competencias das deputacións provinciais:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ao Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. (...).

(...).

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

(...).

Tendo en conta as consideracións feitas nos apartados III e IV deste informe, non podemos máis que concluír en que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA) ten a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, e que o obxecto do encargo pretendido se adapta ao establecido na normativa de aplicación.

E é que, en palabras do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na súa Resolución nº 1106/2019, do 7 de outubro de 2019:

(...).



Da lectura do antes citado artigo 86 da LRXSP (...) resulta que este habilita dúas vías ás entidades do Sector Público a efectos de obter a declaración de medio propio e servizo técnico, tal e como establece o apartado 3 do mesmo precepto.

A primeira delas, prevista no apartado 1, require cumprir “as condicións e requisitos establecidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”, cuxo incumprimento non foi alegado pola recorrente.

A segunda vía, alternativa á anterior, atópase prevista no apartado 2 e esixe que para que unha entidade do Sector Público sexa considerada medio propio acredite “dispoñer de medios suficientes e idóneos” así como ou ben constituír “unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulta sustentable e eficaz, aplicando criterios de rentabilidade económica”, ou ben resultar “necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico”. Estes requisitos son os que a recorrente considera que non concorren no encargo formalizado a favor de TRAGSATEC.

Agora ben, ao contrario do que afirma a recorrente, o artigo 86 LRXSP non se refire aos requisitos de cada encargo singular a un medio propio, senón que contempla os requisitos necesarios para a creación dun medio propio. A declaración de medio propio e servizo técnico é previa á formalización dun encargo individualizado, sendo requisito “sine qua non” para esta última. (...).

O medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA nas relacións de cooperación entre Administracións Públicas ou entidades do sector público

Por outra banda, segundo se dispón no artigo 5 do RD TRAGSA:

1. TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, en virtude da súa condición de medios propios personificados e servizos técnicos, poderán ser achegadas polas administracións públicas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou entidades do sector público.

2. Esta relación de cooperación instrumentarase a través dun convenio entre as entidades participantes que especificará o interese público común que xustifique a subscripción do convenio, as actuacións a desenvolver e a achega de cada unha das partes.

Pois ben, con carácter previo ao inicio do procedemento de encargo aquí analizado, tal e como quedou exposto no antecedente terceiro deste informe, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo prestou aprobación, o 22 de outubro de 2021: ao texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo”, por importe total de 23.408,35 €, dos que: 16.738,97 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 6.669,38 € serán a cargo do Concello de Ribadeo; así como ao gasto, por importe de 16.738,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021. Dito convenio asinouse polas partes o 25 de outubro de 2021.

Preparación e formalización do encargo.

No ámbito do procedemento, cómpre ter en conta o establecido no artigo 10 do RD TRAGSA, segundo o cal:

1. As actuacións obrigatorias que lles sexan encargadas a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC polos poderes adjudicadores estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias, pregos ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, (...).

2. Con carácter previo á formalización do encargo e a súa comunicación a TRAGSA ou TRAGSATEC, o poder adjudicador deberá ter aprobados os documentos a que se refire o apartado 1 deste artigo e realizados os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

No expediente do que forma parte este informe, intégranse, ademais do mesmo: a providencia de inicio do procedemento; certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto; memoria técnica que rexerá o encargo; informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento e da secretaria xeral; informes do arquitecto municipal de Ribadeo: da acta de reformulo previo e de que a execución das obras do proxecto non alteran a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obras; informes do xerente provincial do medio propio: indicando o orzamento de execución material das actuacións obxecto do encargo, xustificando que os prezos



se adaptan á normativa de aplicación e certificando que o medio propio dispón da estrutura e medios suficientes para a realización das actuacións; e borrador da proposta de Acordo da Xunta de Goberno para a formalización do encargo; constituíndo todos estes documentos os trámites técnicos necesarios para a tramitación dos aspectos xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

Finalmente, indicar que a xustificación da lexitimidade do encargo ao medio propio obxecto deste informe, tal e como quedou exposta nos apartados anteriores, non é obstáculo para que, ademais, se deixe constancia da necesidade da súa formalización por razóns de seguridade pública e urxencia.

Neste senso, cómpre salientar que as edificacións existentes na parcela onde terán lugar as actuacións están invadidas pola maleza e nun estado ruinoso, con un alto risco de caída de tellas e madeira da cuberta, e mesmo de derrube, constituíndo, polo tanto, un gran perigo para a poboación, pois a parcela conta cun cerre metálico sumamente deteriorado, que non constitúe limitación algunha para o acceso á mesma; derivando de todo elo que as actuación obxecto do encargo non poidan ter outra cualificación que a de urxentes.

Todo o que se informa aos efectos da tramitación do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo.”

No expediente constan, ademais:

Providencia da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade relativa á solicitude de inicio do procedemento de encargo ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA).

Memoria técnica que rexerá o encargo.

Documento, emitido polo arquitecto do Concello de Ribadeo, no que se expresa que a execución das actuacións proxectadas non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Acta de reformulo previo, emitida polo arquitecto do Concello de Ribadeo.

Orzamento do encargo emitido polo Xerente provincial do Grupo TRAGSA en Lugo.

Documento de xustificación de prezos emitido polo Xerente provincial do Grupo TRAGSA en Lugo.

Certificado, emitido por TRAGSA, relativo á suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo, e a que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50 % da contía daquel.

Certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas, da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por importe de 18.404,59 €, na aplicación orzamentaria 4190.65009.

Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación do encargo ao medio propio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das actuacións urxentes previas ao acondicionamento e rehabilitación da estación vella do tren mineiro, no termo municipal de Ribadeo, por importe de 18.404,59 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a executar de acordo coas especificacións contidas na memoria técnica que figura no expediente, e nun prazo máximo de 4 meses a contar dende a data de formalización do encargo.

2º.- Apreciar que concorren razóns de urxencia, excepcionalidade e singularidade para a realización, por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións descritas no punto 1.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



11.- PROPOSTA DA RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Cultura do seguinte teor:

Antecedentes.

Recíbese na Área de Cultura Recurso Potestativo de Reposición presentado no rexistro da Excma. Deputación Provincial de Lugo o día 12 de setembro de 2018 con número de rexistro de entrada: 24899, por Don Francisco Barro Eiroa, como representante da Asociación de Veciños San Vicente de Lagoa contra o Acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018.

Fundamentos de dereito.

Conforme aos Artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “...os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictou...”, establecendo ademais que “...o prazo para a interposición do recurso de reposición será de 1 mes se o acto fora expreso; se non o fora, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo á normativa específica, se produza o acto presunto.

O presente recurso foi presentado en tempo e forma, de conformidade ao disposto nos Artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que procede a súa admisión a trámite.

Ha de terse en conta que o órgano competente para resolver o recurso será o mesmo que ditou o acto recorrido.

Informe.

A Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 4 de Maio de 2018, aprobou, entre outros asuntos, as bases e os modelos de solicitude que rexirían no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018.

O extracto do acordo da Xunta de Goberno de 4 de Maio de 2018 polo que se aproba a convocatoria, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 111 do día 16 de Maio de 2018.

Con data 7 de xuño de 2018 e co rexistro de entrada N.º 16910, D. Francisco Barro Eiroa, como representante da Asociación de Veciños San Vicente de Lagoa, presentou solicitude de subvención para realizar unha “Viaxe Cultural a Os Ancares”.

Para comprobar se a solicitude da citada asociación se axustaba ao obxecto da convocatoria da subvención, revisouse a documentación que xuntou no expediente, atopándose erros en canto ao importe da subvención solicitada e a inclusión da gastos non subvencionables.

Polo anterior, resolveuse requirirille con data 5 de xullo de 2018 e N.º de rexistro de saída 8959 para que enmendase a referida solicitude de acordo ao sinalado no punto 8º das bases da convocatoria e en virtude do artigo 68 da Lei 39/2015, advirtíndoselle que ante a falta de presentación, se tería por desistido da súa petición. En concreto, debía presentar, utilizando o modelo de solicitude aprobado pola Xunta de Goberno, a seguinte documentación:



Solicitud de subvención provincial (solicitaban o importe total da actividade subvencionada: 1.380,80 €, polo que non se cumpría a financiación con recursos propios da entidade beneficiaria, cando menos dun 5%).

Proxecto concreto ou memoria valorada para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento (figuraban tres conceptos de gastos: autobús para o desprazamento, entradas á palloza e comidas; porén, os gastos de comidas están excluídos desta convocatoria).

Anexo 3: Certificación do/a secretario/a da entidade do orzamento de gastos subvencionables (figuraban os tres conceptos citados de gastos, incluíndo o gasto de comida que é non subvencionable).

Notifícase o requerimento o día 10 de xullo de 2018.

Con data 19 de xullo de 2018 o recorrente enviou por Correos a enmenda da documentación requirida, achegando dous documentos:

Memoria valorada con cinco epígrafes referidos a: datos de identificación do promotor, datos referentes ao proxecto, memoria presuposto das inversións, memoria financeira e declaración de intencións.

Anexo 3 coa certificación do secretario da entidade do orzamento de gastos subvencionables.

Nestes documentos non se enmendaba a solicitude da subvención:

Non se utilizaba os modelos de solicitude de subvención e de proxecto concreto ou memoria valorada, aprobados pola Xunta de Goberno.

Na memoria valorada presentada novamente e no Anexo 3, seguen figurando gastos en concepto de comidas, que están excluídas desta convocatoria. En concreto, no orzamento figura: medio de transporte por importe de 580,80 €, entrada á palloza por importe de 50,00 € e comida dos asistentes por importe de 750,00 €.

Porén, dentro da memoria presentada, no epígrafe de memoria financeira, sinalábase que a subvención solicitada á Deputación ascendía a 810,00 € e que financiaban, cando menos, o 5% da actividade.

Revisados estos datos e cantidades, compróbase que seguen sendo incorrectos.

Con data 1 de agosto de 2018, constituíuse a Comisión de Avaliación establecida nas bases, que acorda elevar á Xunta de Goberno a proposta de concesión e desestimar as solicitudes que figuran na listaxe por non axustarse ás bases da convocatoria.

Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia para a realización de actividades de interese cultura, anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia á listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, figurando entre as desestimadas a citada entidade coa seguinte motivación:

N.º Rex.	Entidade	Actividade	Motivos Desestimación
16.910	Asoc. De Veciños San Vicente de Lagoa	Viaxe Cultura aos Ancares	O orzamento inclúe gastos non subvencionables, segundo o punto 1 das bases.

Con data 12 de setembro de 2018, a citada entidade interpuso Recurso de Reposición contra o citado acordo expoñendo:



“(…) 3. Que o punto 1 das bases di que: Quedan excluídas desta convocatoria as axudas para comidas, para as viaxes que non leven incorporado unha actividade cultural complementaria (enténdase que as subvencións non poderán ser só xustificadas con facturas de transporte, debendo presentarse, cando menos, facturas ou documentos xustificativos que acrediten que se realizaron actividades culturais na propia viaxe (visitas a museos, conxuntos patrimoniais...), para ás festas patronais e eventos relixiosos...”

4. Que a nosa viaxe aos Ancares si inclúe a entrada a unha palloza, que se dedica a ensinar como era a vida desas construcións antigamente”

Procédese á admisión a trámite do citado Recurso por estar presentado en tempo e forma, de conformidade ao disposto nos Artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e procede analizar as alegacións presentadas, reiterando que as motivacións tidas en contar para desestimar a concesión da subvención fundamentáronse principalmente no punto 1 das bases da convocatoria, publicadas no BOP 111 de 16 de maio de 2018, onde se cita que “se exclúe expresamente desta convocatoria as axudas para comidas”.

Logo de ver a documentación presentada pola citada asociación, así como a enmenda efectuada, pódese observar que tanto na memoria valorada como no orzamento da actividade para a que se solicita a subvención “Viaxe Cultural aos Ancares”, figuran tres tipos de gastos, un dos cales non se considera subvencionable. Así mesmo, non utilizou os modelos de solicitude aprobados pola Xunta de Goberno.

Entendemos que a subvencións está suxeita á execución dun proxecto ou a realización dunha actividade concreta, de xeito que non se pode conceder se un dos conceptos de gasto (nesta caso, o da comida), non se considera subvencionable. Así mesmo, tense en conta que se solicita unha axuda da Deputación por importe de 810,00 € e que a suma dos gastos que se considerarían subvencionables ascenden a 630,00 €.

Considerando os antecedentes expostos, tendo en conta ademais o estricto cumprimento dos trámites previstos no Punto 8 das bases do concurso, á vista da documentación do expediente, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase o seguinte:

Desestimar o recurso de reposición presentado por Don Francisco Barro Eiroa, como representante da Asoc. de Veciños San Vicente de Lagoa, por non presentar a documentación seguindo as instrucións do requerimento enviado o día 10 de xullo de 2018, cumprindo deste xeito a obriga establecida no Artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de Emenda e Mellora da solicitude e no Punto 8º das bases do concurso, onde di “...a non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas”

Polo exposto, a Deputada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Don Francisco Barro Eiroa, como representante da Asoc. de Veciños San Vicente de Lagoa, por non presentar a documentación seguindo as instrucións do requerimento enviado o día 10 de xullo de 2018, cumprindo deste xeito a obriga establecida no Artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de Emenda e Mellora da solicitude e no Punto 8º das bases do concurso, onde di “...a non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas”

2º.- Notificar o acordo á parte interesada con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houberan de presentarse e o prazo para interpoñelos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDUREMTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS



CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2015.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 04 de decembro de 2015, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2015, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 030, de data 06 de febreiro de 2015.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1.- Na Xunta de Goberno do día 30 de xaneiro de 2015, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2015, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 6 de febreiro de 2015, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 030 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 04 de decembro de 2015, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2015, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 9 de decembro de 2015, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 282, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 04 de decembro de 2015.

5.- A cláusula 12 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 13 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2016.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a



documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2015, aprobadas pola Xunta de Goberno de 04 de decembro de 2015, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

11.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requerida no punto 12 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2015.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 04 de decembro de 2015,

polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2015, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 030 de 06 de febreiro de 2015, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 12 e 13 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

N.º REXISTRO	NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
11.373	CORO PARROQUIAL VIRXE DA PEREGRINA	G27428747	ENCONTRO DE COROS RURAIS APEREGRINA	300,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2016.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 29 de decembro de 2016, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2016, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 201, de data 1 de setembro de 2016.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:



1.- Na Xunta de Goberno do día 12 de agosto de 2016, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2016, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 1 de setembro de 2016, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 201 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 29 de decembro de 2016, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2016, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 3 de xaneiro de 2017, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 002, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2016.

5.- A cláusula 12 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 13 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2017.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2016, aprobadas pola Xunta de Goberno de 29 de decembro de 2016, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.



10.- Envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

11.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requerida no punto 12 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2016.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2016, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2016, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 201 de 1 de setembro de 2016, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 12 e 13 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

N.º REXISTRO	NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
22.862	SOCIEDADE CULTURAL E GASTRONÓMICA LUSO GALAICA	G27312992	ESCOLMA ETNOGRÁFICA DO ENTROIDO RIBEIRO	666,00
23.368	ASOC. MMRR. A CARBALLEIRA DE O PÁRAMO	G27284066	CURSOS DE MANUALIDADES, PINTURA, RESTAURACIÓN E OUTROS	1.025,00
23.476	ASOC. CULTURAL FIADEIRA	G27209402	VIAXE CULTURAL	724,00
23.495	ASOC. CULTURAL O PICATO	G27222793	ACTIVIDADES DE ENTROIDO, REIS, TEATRO, MAGOSTO, LETRAS GALEGAS E OUTROS	980,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA VETERINARIA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona María de los Ángeles González Machado, Veterinaria do Cadro de Persoal Funcionario, dende o día 1 de setembro de 2011 (con recoñecemento de servizos previos dende o 28 de agosto de 1999), nacida o 2 de xuño de 1953, presentou instancia, rexistrada o día 27 de agosto de 2021 co número 24.598, no que solicita continuar coa prolongación da permanencia no servizo activo, por un ano máis, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguintes aspectos relevantes:



a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos.

En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, cabe referir que, durante o período do último ano a traballadora ten unha prestación efectiva de horas de xornada superior ás do total a prestar, téndose producido, en consecuencia, un cumprimento da xornada positivo.

Á vista de canto antecede, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude está conformada polo Xefe do Servizo e do deputado delegado de Medio Ambiente, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:

Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona M^a de los Ángeles González Machado, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 2 de decembro de 2021 ata o 1 de decembro de 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN FORZOSA POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA DUNHA PORTEIRA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Concepción Rodríguez Pérez, Porteira do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 25 de novembro de 2021, que terá recoñecidos 26 anos, 10 meses e 3 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 25 de novembro de 2021, data previsible de xubilación forzosa e que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideracións de dereito.

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].



3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida (...).”

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. (...).”

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo presente que Dona Concepción Rodríguez Pérez terá acreditado, á data do 25 de novembro de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona Concepción Rodríguez Pérez, con efectividade do día 25 de novembro de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 454/2021.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“Vista a Dilixencia de Ordenación de data 13 de outubro de 2021 da Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia, relativa ao Procedemento Ordinario 454/2021 seguido a instancia de Dª Pura Zato Montenegro fronte á Deputación, na que, unha vez examinada a validez da comparecencia da Procuradora Dª Ana Vázquez Corte en nome e representación da dita demandante, pola que se formula o dito recurso mediante escrito de interposición, entende que non reúne os requisitos esixidos de conformidade co artigo 45.3 da LRXCA, e acorda o seguinte: “Conforme a lo dispuesto en el art. 10.2 y el art. 8.1. de la L.J.C.A. “Los Juzgados de lo Contencioso- administrativo conocerán, en única o primera instancia según lo dispuesto en esta ley, de los recursos que se deduzcan frente a los actos de las entidades locales o de las entidades y corporaciones dependientes o vinculadas a las mismas, excluidas las impugnaciones de cualquier clase de instrumentos de planeamiento urbanístico”.



Mediante notificación de la presente dar traslado a las partes y al Ministerio Fiscal por plazo de diez días para que puedan formular alegaciones acerca de la posible falta de competencia de esta Sala para el conocimiento del recurso.”

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado a fin de dar cumprimento ao trámite conferido pola dita Dilixencia de Ordenación de data 13 de outubro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.